



Aliad
Ultreia

MEMORIA 2021



ÍNDICE

A NOSA HISTORIA	4
MISIÓN	5
VISIÓN.....	5
VALORES	6
EQUIPA	7
ONDE ESTAMOS	8
NÓS EN 2021	8
TRABALLO EN REDE	10
PERTENZA A REDES.....	10
ENTIDADES COLABORADORAS	10
ENTIDADES FINANCIADORAS	11
PROGRAMA SENLLEIRAS	14
PROGRAMA DONAS.....	15
PROGRAMA TECENDO FUTURO	16
CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO	19
CONVENIO AXUDAS DE EMERXENCIA POLA COVID-19	20
PROXECTO DE RESTABLECEMENTO DE MULLERES MIGRANTES VÍTIMAS DE VIOLENCIAS MACHISTAS CON DANO PSÍQUICO, ESPECIALMENTE MULLERES PROSTITUÍDAS.	21

PROGRAMA DE ATENCIÓN A MULLERES PROSTITUÍDAS CON PROBLEMÁTICAS DE SAÚDE MENTAL E/OU ADICCIÓN.....	22
ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS.....	23
PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!	24
PROGRAMA PASO A PASO.....	25
PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE.....	26
PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN	27
ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS.....	28
PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.....	29
SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA	30
ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN	31
AS NOSAS REDES SOCIAIS.....	36
FORMACIÓN.....	37
CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN	38
INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO.....	40
OUTRAS ACTIVIDADES.....	42
CUOTA PERSOAS SOCIAS	43
AS CONTAS CLARAS.....	44
INGRESOS E GASTOS NO ANO 2021	45



A NOSA HISTORIA

Aliad Ultreia ten as súas orixes na asociación ALIAD (**Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente**), fundada en **1984** na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, profesorado...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das **drogodependencias** e atender o conxunto de necesidades que este xera. Nun principio, o seu ámbito de actuación era a prevención e tratamento de drogodependentes, pero ALIAD pronto se especializaría na area de incorporación social.

A actividade de ALIAD esténdese ao pouco tempo ao interior dos centros penais da provincia de Lugo para abordar problemáticas derivadas do **consumo de drogas** e a estadía na **prisión**. Este programa desenvólvese na actualidade dentro e fóra dos centros penais cun enfoque máis amplo e unha atención máis integral.

En **2006**, a Xunta de Galicia declarou a Aliad **entidade de interese Galego en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006, publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006).

No ano **2010**, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad Ultreia, debido á ampliación do seu ámbito de actuación debido á identificación de novas realidades sociais que era preciso abordar como son **as violencias de xénero**, incluída a **trata e explotación sexual**.

En **2014**, Aliad Ultreia obtén a **declaración de utilidade pública** acolléndose a lei 49/2002.



MISIÓN

Aliad Ulteia somos unha asociación de **Lugo** que traballa na mellora das condicións de vida de persoas con problemas de **adiccións**, **persoas reclusas e ex-reclusas** e mulleres vítimas das diferentes formas de **violencia de xénero** -entre elas a **prostitución**- e as súas fillas e fillos.

Dende unha abordaxe interdisciplinar, traballamos tanto no acompañamento integral á persoa como na transformación de contextos e na promoción do cambio social.

VISIÓN

Queremos que a nosa forma de traballo fale por nós, e ser un referente na atención a estes colectivos dende un enfoque de acompañamento sensible á individualidade da persoa, baseado na confianza, no coidado e no respecto aos seus tempos e proxecto de vida.


Ademais, buscamos que nos caracterice a nosa **mirada crítica**, ser unha asociación dinámica en aprendizaxe permanente, quen de xerar enfoques e propostas **transformadoras**, esixente con nós mesmas e coa labor das administracións públicas.

Para elo, proxectámonos como unha entidade honesta, coherente cos principios que defende, que coida da súa equipa profesional, das persoas socias e do voluntariado, enfatizando a nosa dimensión asociativa.

Queremos ser un espazo de **participación cidadá**, de **educación**, **sensibilización social** e **traballo en rede**, todo elo coa mirada posta no horizonte social que nos move: unha **sociedade xusta e igualitaria**, **garante de dereitos e centrada no coidado da vida**.

VALORES





EQUIPA

Aliad Ulteira ten como órgano de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias.

A xestión e representación da entidade recae na Xunta Directiva, cuxos membros no 2020 foron:


Presidente: María Barba Núñez

Tesoureira: Jennifer Santín Vivero

Vicepresidenta: Ana Luísa Posada Luaces.

Secretaria: María Gloria Pernas Teijeiro

Vogal: Manuel Varela Veiga



A entidade conta cunha equipa profesional cualificada e con ampla experiencia nos diferentes ámbitos de traballo. Contamos con **9 persoas** (8 mulleres e 1 home) contratados e dúas máis, unha psicóloga e un avogado, por conta allea.



ONDE ESTAMOS



Aliad Ultreia dispón de instalacións propias situadas na **rúa Milagrosa nº 99-101**, na cidade de Lugo.

Aquí atópanse as oficinas, despachos, sala de xuntas, aula de formación e informática así como un apartamento totalmente equipado para o desfrute de permisos penais.

Tamén podes atoparnos en redes



NÓS EN 2021




**933 PERSOAS
EN ATENCIÓN
DIRECTA**



**64 PERSOAS
SOCIAS**




**28 PERSOAS
VOLUNTARIAS**



**18 PROGRAMAS
E PROXECTOS
REALIZADOS**



**CONTANDO CON
396.921,75
EUROS DE
INGRESOS**



Drogo dependencias

Prisión - Preparación para a vida en liberdade

Muller - Aliadas

Programa xurídico social

Asesoramento legal e coordinación cos diferentes axentes implicados.

Medidas alternativas

Traballos en beneficio da comunidade.

Preparación á liberdade

Obradoiros grupais (C.P. Monterroso)

Paso a paso

Itinerarios de inserción e obradoiros de preparación para a liberdade.
(C.P. Bonxe e Monterroso)

Preparados, listos, xa!

Apartamento para a disfrute de permisos de saída e para preparar a vida en liberdade.
(C.P. Bonxe e Monterroso)

Plan de Animación Sociocultural

Coordinación, participación e apertura do centro á comunidade.
(C.P. Monterroso)

Programa Donas

Atención individualizada a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Programa Senlleiras

Atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero

Tecendo futuro

Itinerarios e obradoiros formativos cara á inserción social e laboral de mulleres en situación de vulnerabilidade.

Incidencia social e voluntariado

Promoción da participación social na mellora das condicións de vida das persoas coas que traballamos, na promoción de contextos de vida inclusivos e na transformación da realidade social a través do voluntariado. Traballo en rede con colectivos e entidades afíns, en accións de mobilización social e defensa de dereitos.

Formación e sensibilización social

Accións de formación en centros educativos de secundaria, concellos, etc., en temática de xénero e prostitución; así como en universidades e outros espazos de reflexión académica e profesional, achegando a realidade dos nosos colectivos e a nosa óptica e metodoloxía de traballo.

Campañas de sensibilización a través de redes sociais e elaboración de materiais (dípticos, cartelería, prensa, etc.)

Soporte xeral da entidade

- Formulación de proxectos, seguimento e xustificación dos mesmos. Busca de financiamento. Xestión de persoal.
- Difusión dos programas e iniciativas da entidade a través de redes sociais e medios de comunicación.
- Fortalecemento das redes de coordinación e comunicación coas Administracións públicas e outros axentes sociais (terceiro sector, empresas, etc.)



TRABALLO EN REDE

PERTENZA A REDES



Rede TIL

Técnicas/os de Inserción Laboral

RELUVOL

Rede Lucense de Voluntariado

ENTIDADES COLABORADORAS



CONCELLO DE
MONTERROSO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ENTIDADES FINANCIADORAS



A close-up, profile view of a woman with long brown hair and sunglasses, blowing a dandelion seed head. The seed head is white and fluffy, and the woman's hand, with teal nail polish, holds the green stem. The background is a soft-focus field of green grass and yellow flowers, with many dandelion seeds floating in the air. The overall mood is peaceful and nostalgic.

ALIADAS

Dentro desta área ofrécese atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica e social) dando unha **resposta integral**.

Dentro do programa cóntase con dúas liñas dirixidas a:

- ♦ **Mulleres en situacións de vulnerabilidade:** atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular.

Aliad ofrece un recurso integral de apoio e acompañamento a mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles atendendo as necesidades básicas, atención social, psicolóxica, sanitaria, orientación laboral e asesoramento xurídico.

- ♦ **Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual,** trabállase nos espazos de exercicio da prostitución e dando atención e cobertura integral ás mulleres, ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

PROGRAMA SENLLEIRAS

Atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** e/ou **mulleres migrantes en situación administrativa irregular**.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral. A finalidade do programa é fortalecer nas mulleres as súas ferramentas persoais, psicolóxicas, laborais e educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eidos da vida.



200 MULLERES
ATENDIDAS 114 CON
ITINERARIO



891 ATENCIÓNS
SOCIAIS E
ACOMPANHAMENTOS




ATENCIÓN PSICOLÓXICA A
12 MULLERES CON 156
ATENCIÓNS INDIVIDUAIS



ORIENTACIÓN LABORAL
A 79 MULLERES CON 450
INTERVENCIÓNS



ASESORAMENTO
XURÍDICO A 130
MULLERES EN
509 ATENCIÓNS
INDIVIDUAIS



MEDIACIÓN SOCIAL
CON 21 MULLERES
EN 68
INTERVENCIÓNS



5 TALLERES
GRUPAIS

Programa financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DONAS

PROGRAMA ATENCIÓN INTEGRAL VÍTIMAS TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Desde o ano 2010 véñse traballando para abordar unha das formas máis invisibilizadas de violencia de xénero: **a trata e/ou explotación sexual**, centrando a acción na defensa dos dereitos das mulleres vítimas desta violencia machista e a sensibilización á sociedade.

A partir do ano 2020 a raíz da pandemia do COVID 19 está situación de vulnerabilidade incrementouse, aumentando as súas demandas sociais para cubrir as súas necesidades básicas, de apoio e acompañamento así como de asistencia psicolóxica.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicolóxico, xurídico, sanitario e laboral, ofrecendo os servizos detallados dentro do Programa Donas.



**ATENDEMOS A
126 MULLERES
EN SITUACIÓN
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**94 MULLERES
CON ITINERARIO**



**REALIZAMOS MÁIS DE
2442
ACTUACIÓNS
SOCIAIS**



**REALIZAMOS 344
ASISTENCIAS
XURÍDICAS**



**154 ATENCIÓNS
PSICOLÓXICA**



**491 ACTUACIÓN DE
ORIENTACIÓN
LABORAL**

Programa financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA TECENDO FUTURO

Visitas a lugares de exercizo da prostitución



**CONTACTAMOS
CON 200
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**

Este proxecto realiza actuacións nos lugares onde se exerce a prostitución (clubs, pisos por toda a provincia e barrio da Tinería en Lugo), buscando establecer contacto coas **mulleres en situación de prostitución** e crear un vínculo de confianza con elas para que, en caso de necesidade de información ou atención, acudan á asociación.

Nas visitas realízanse **obradoiros** sobre **recursos sociais de Lugo** e **infeccións de transmisión sexual**.



**VISITA A 20
CLUBES E 20
PISOS NA
PROVINCIA LUGO**

Os **servizos** que se lles ofrecen son: **asesoramento xurídico**, **atención psicolóxica**, **orientación laboral**, **formación**, **atención social e sanitaria**, a parte de **información doutros recursos sociais** máis axeitados á súa demanda.

Durante o 2020 e parte do 2021, debido as restricións estiveron pechados durante varios períodos os clubs e a prostitución na rúa, ampliándose a prostitución en pisos. Mantivéronse as visitas a estes lugares e ampliouse o contacto coas mulleres a través da atención presencial e telefónico onde se lles deu información e propiciouse o acceso aos seus dereitos.

Curso Tecendo Futuro

O traballo individualizado complementábase con accións de traballo grupal, de carácter formativo, de participación e de creación de vínculos sociais. Neste ámbito levábase a cabo o curso “Tecendo futuro”, formación dirixida a mulleres que sufriron ao longo da súa vida algunha violencia machista, incluída a explotación sexual.

Está centrado na procura de emprego, xurde da necesidade, que detectamos á hora de traballar con mulleres vítimas de violencia de xénero, de reforzar o seu itinerario con actividades psicoeducativas que melloren o seu autocoñecemento, reforce a súa autoestima, rescate e poña en marcha as súas capacidades e fortalezas e mellore as súas estratexias de comunicación e habilidades.

Neste ano 2021 traballamos aspectos como **coñecemento persoal**, **cohesión grupal**, **habilidades sociais**, **autocoidado**, a **autoestima**, **identificación e manexo de emocións** e a **orientación laboral** de cara a mellorar as súas ferramentas para a incorporación sociolaboral. Este ano contamos ademais cunha sesión sobre **sexualidade**, moi ben valorada. A formación iniciouse o 23 de marzo ata o 17 de xuño, con dúas sesións (martes e xoves), con 65 horas de formación.



**CURSO “TECENDO
FUTURO”
PARTICIPARON 8
MULLERES**



A maiores este ano 2021, participamos na convocatoria de **“Coñece a túa provincia”** da Deputación de Lugo facendo o peche da formación cunha viaxe a Mariña Lucense moi ben acollida por todas as participantes, que normalmente non teñen oportunidades de desfrutar de viaxar e de tempo de lecer.

Programa financiado pola Deputación de Lugo

Talleres sanitarios e información sobre VIH para mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución

Realizáronse durante o ano 2021:

- **Talleres sanitarios**, sobre o VIH, ITS e o papiloma humano, dentro dos clubs, pisos e no barrio da Tinería onde se atopan as mulleres en prostitución. Durante varios períodos do ano non se puideron facer visitas, sobre todo aos clubs que estiveron pechados, por mor da pandemia e as restricións establecidas.
- Reparto de **preservativos** e de folletos informativos, tanto no local de Aliad Ultreia como durante as visitas.
- **Proba rápida do VIH**. Somos un centro colaborador coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIXSP) e contamos no noso local coa infraestrutura e as profesionais axeitadas para a realización da proba rápida reactiva e para dar un consello asistido pre e post-proba. Este ano dende marzo a setembro non se realizaron probas rápidas, cumprindo coas directrices marcadas pola Consellería de Sanidade.
- **Atención Social e mediación sociosanitaria** para a realización de probas de ITS e probas xinecolóxicas.
- **Acompañamento sanitario e recollida de medicación** en casos de VIH



18
ACOMPÑAMENTOS
SANITARIOS



PARTICIPACIÓN DE
257 MULLERES EN
SITUACIÓN
PROSTITUCIÓN



16 PROBAS
RÁPIDAS DO
VIH

Este proxecto está financiado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO



**CASA DE
ACOLLIDA
MULLERES
VÍTIMAS
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**

Contamos cunha vivenda dirixida a **mulleres e as súas crianzas** que, tras abandonar a **situación de prostitución e/ou explotación sexual**, precisan dun período de restablecemento e re-deseño do seu proxecto persoal e da súa posta en marcha.

Préstase especial atención ás mulleres inmigrantes, principais vítimas destes delitos, cunha situación de maior vulnerabilidade debido á falta de redes sociais e descoñecemento dos servizos e contexto, ao ser o sustento económico da súa familia en orixe, a súa situación administrativa irregular...



**5 PRAZAS
INCLUINDO
FILLAS/OS**

Durante o ano 2021 residiron na casa 5 mulleres.

Vivenda financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade

CONVENIO AXUDAS DE EMERXENCIA POLA COVID-19

A finalidade destas axudas económicas de emerxencia foi dar apoio de emerxencia ás vítimas de trata e/ou explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación, hixiénico-sanitarias, de transporte e telecomunicación, nos casos de urxente desamparo.

Este convenio buscaba dar resposta á situación de extrema vulnerabilidade que sufriron as mulleres vítimas de explotación sexual debido a pandemia do COVID-19, o estado de alarma e restricións establecidas.

Atendeuse a mulleres en situación de prostitución e/ou explotación sexual que actualmente non estivesen cobrando ningunha axuda e/ou estiveran en situación administrativa irregular.

Mais aló desta finalidade urxente de cubrir as súas necesidades básicas, buscouse dar unha atención máis completa buscando mellorar a súa situación cunha atención integral, axudándoas a acceder aos seus dereitos sociais.

Realizáronse:

- ♦ Entrevista de recollida de datos e valoración da súa situación social.
- ♦ Coordinación coas traballadoras sociais para tramitar e solicitar axudas, evitando duplicar e creando sinerxías na atención.
- ♦ Entrega de axudas económicas de emerxencia.
- ♦ Seguimento telefónico da súa situación de emerxencia.



**ATENCIÓN A 44
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**



**66 AXUDAS DE
EMERXENCIA**

Convenio financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROXECTO DE RESTABLECEMENTO DE MULLERES MIGRANTES VÍTIMAS DE VIOLENCIAS MACHISTAS CON DANO PSÍQUICO, ESPECIALMENTE MULLERES PROSTITUÍDAS.

A finalidade deste proxecto é crear un espazo grupal para o traballo de restablecemento con mulleres migrantes vítimas de violencias machistas, especialmente mulleres prostituídas. O proxecto constou de 3 actuacións:

1. Curso “Coidámonos”: curso no que desenvolvimos durante o verán actividades de coidado e lecer. O obxectivo foi promover un espazo de encontro e descubrimento para desenvolver o dereito das usuarias ao seu lecer e ofrecer actividades de lecer para o seu disfrute e para crear relacións.

Realizáronse diversas actividades: teatro, xogos, cosmética natural, deporte, rutas de sendeirismo, cociña, ioga, manualidades, etc. coa colaboración do voluntariado da entidade.



**PARTICIPARON
20 MULLERES**

2. Grupo terapéutico: Organizouse unha sesión semanal impartida pola nosa psicóloga ao longo do último trimestre do ano. O obxectivo era reforzar o apoio psicolóxico individual que están a recibir as mulleres no seu proceso de restablecemento como vítimas de algún xeito de violencia.

3. Grupo de relaxación: Realizouse unha sesión semanal levada a cabo pola nosa psicóloga durante o último trimestre do ano. O obxectivo deste grupo foi o de reconectar mente e corpo e axudar no proceso de integración do trauma de mulleres vítimas dalgunha das formas de violencia machista.

Proxecto subvencionado polo Concello de Lugo

PROGRAMA DE ATENCIÓN A MULLERES PROSTITUÍDAS CON PROBLEMÁTICAS DE SAÚDE MENTAL E/OU ADICCIÓNS.

Este proxecto é continuación do proxecto iniciado no 2020 “Programa de atención a mulleres prostituídas con problemáticas de saúde mental e/ou adicciós”, centrado na mellora na detección destas problemáticas e a coordinación entre profesionais.

Neste ano 2021 traballouse na difusión das ferramentas deseñadas o ano anterior e creáronse materiais para a difusión da realidade das mulleres prostituídas e a súa relación no ámbito da saúde mental e das adicciós:

- Creouse un espazo web de consulta e coordinación: [Saúde Aliadas – Aliad Ultreia \(saudealiadas.com\)](http://saudealiadas.com)
- Realizáronse **8 formacións** con profesionais da saúde mental e con entidades especializadas na atención a mulleres prostituídas e vítimas de trata e/ou explotación sexual.
- Levouse a cabo unha formación con **40 profesionais da saúde mental** sobre **detección de indicios de vítimas de trata e/ou explotación sexual**.
- **19 profesionais** especializados/as en traballo con mulleres prostituídas recibiron formación en torno a detección de problemática de saúde mental e adicciós.

Proxecto financiado pola Consellería de Sanidade no marco das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.



ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS

PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!

Ofrece o recurso dunha vivenda para o desfrute dos permisos penais e/ou primeiros días de liberdade.

As destinatarias son **homes e mulleres presas nos Centros Penais de Bonxe e Monterroso.**

A finalidade é tutelar e acompañar a persoas con problemas de drogodependencias ou con falta de redes de apoio ao longo dun itinerario que persigue organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos de saída penais e os primeiros momentos en liberdade.

Durante o 2021, debido as restricións sanitarias establecidas houbo períodos onde non se concederon permisos penais, o que si se mantivo foi o acceso a persoas á vivenda durante os primeiros días en liberdade.

Realízase con cada persoa un **itinerario integral individualizado**: atención social, asesoramento legal, acompañamento a recursos e actividades de lecer saudable, mediación familiar e social...

Programa financiado pola Deputación de Lugo e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través dos programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF.



**PISO PARA
DESFROUTE
PERMISOS
PENAI**



**13 PERSOAS
(11 HOMES E 2
MULLERES) EN
32 PERMISOS**



**181 DÍAS PISO
OCUPADO**



**36 ACTIVIDADES
ORIENTADAS A
TRABALLAR
HABILIDADES E
DESTREZAS**



**REALIZÁRONSE
105
ENTREVISTAS**



**30 MEDIACIÓN
FAMILIARES**



**26 MEDIACIÓN
E
ACOMPÑAMENTOS
RECURSOS SOCIAIS E
25 ACOMPÑAMENTOS
NO TEMPO LIBRE**

PROGRAMA PASO A PASO



PRISIÓN DE BONXE

O programa desenvólvese con **persoas reclusas do Centro Penal de Bonxe e do de Monterroso** que disten da liberdade entre 0 e 2 anos e teñan posibilidades de permanencia en España unha vez saian en liberdade. Tamén son potenciais beneficiarias as persoas ex reclusas e as que saen da cadea e necesitan atención nos primeiros momentos de liberdade.

A finalidade é que as persoas reclusas e/ou ex reclusas melloren, mediante o desenvolvemento dun **proxecto de inclusión social e/ou socio laboral personalizado**, as súas capacidades persoais de cara á súa empregabilidade e inclusión social.



ATENCIÓN A 40 PERSOAS

Por medio do deseño coa persoa dun itinerario individualizado faise seguimento e atención nos diferentes ámbitos: mediación social, orientación social e laboral, apoio socioeducativo, apoio psicolóxico, asesoramento xurídico, accións socioeducativas coas familias, acompañamento social (recursos, tratamentos), formación e adquisición de habilidades para o emprego...

Durante o 2021, durante o non poder acceder a prisión, paralizouse a atención as persoas presas. O resto do ano fíxose atención continua, adaptando a atención as restricións e normas establecidas.

Este programa está financiado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE

Dirixido ás **persoas reclusas** no **Centro Penal de Monterroso**. A finalidade é preparar a vida en liberdade de persoas reclusas, traballando cara unha autonomía persoal e social completas, mediante a realización de **obradoiros grupais e actuacións individuais**.

Obradoiros grupais:

- Habilidades sociais
- Autoestima
- Igualdade de xénero
- Xestión de Emocións
- Recursos sociais e comunitarios
- Orientación Laboral

Actuacións individuais: acompañamento e asesoramento social, familiar, xurídico, laboral... segundo as necesidades demandadas e percibidas.

A pesar de que durante o ano 2021, a entrada nas prisións das entidades veuse limitada en algúns períodos, levouse a cabo a formación de 31,5 horas, segundo estaba proposto adaptándonos ás normas sanitarias.

Subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social na subvención do IRPF nacional a través da Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD).



**PRISIÓN DE
MONTERROSO**



**PARTICIPARON
36 HOMES**



**REALIZÁRONSE 40
ENTREVISTAS**

PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN

O Plan de Animación Sociocultural busca ser unha experiencia real de participación comunitaria no Centro Penal de Monterroso. Este proceso arrancou o ano 2015 desenvolvendo varias liñas de traballo. Podedes coñecer máis sobre este proceso na nosa páxina: [Plan de Animación Sociocultural en prisión | España | Educación Social \(ascprision.es\)](http://ascprision.es)

Durante o 2021 desenvolveronse algunhas actividades de continuidade:

- **Radio comunitaria “LibreMente”:** radio comunitaria creada e levada a cabo por persoas presas. Durante este ano 2021 seguiu acompañando na creación de contidos e emisión dos podcasts e programas desta radio.
- **Obradoiro de teatro na UTE:** actividade levada a cabo por Cristina Collazo con financiación da Deputación de Lugo
- **Rede Galega de Educacións en Prisión:** reunións periódicas para afianzar e avanzar no traballo coordinado das entidades que conforman a rede.
- **Promoción do avance social:** crear reflexión e acción para fundamentar outra forma de organización e traballo nas prisións, que reforce a súa dimensión educativa. Para elo ao longo de todo o proceso desenvolvemos traballo de investigación; accións educativas e formativas dirixidas a profesionais do ámbito; accións de sensibilización social e promoción da participación neste contexto; e accións de comunicación e divulgación desta experiencia, no ámbito profesional e universitario.

Financiado pola Fundación La Caixa

A tall, white lighthouse stands on a dark, rocky coastline. The sun is setting directly behind the lighthouse, creating a bright glow and reflecting on the water. The sky is filled with dramatic, dark clouds. The lighthouse has a glass-enclosed lantern room at the top, which is illuminated. The overall mood is serene yet powerful.

ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS

PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

Dirixido a **persoas drogodependentes** con **procesos xudiciais pendentes**



**ATENDEMOS A
209 PERSOAS
(177 HOMES E
32 MULLERES)**

- ♦ Apoio e asesoramento no seguimento de todo o proceso xudicial:
- ♦ Facendo fincapé en que conste acreditada en sentenza a toxicomanía de cara a solicitar alternativas á prisión, e mesmo a solicitude das distintas alternativas se é o caso.
- ♦ Incidindo na proposta de alternativas á prisión (situación preventiva) así como a derivación a recursos de tratamento no exterior (persoas penadas).
- ♦ No caso das persoas penadas e con medidas alternativas (suspensións ou substitucións de condena) facilitamos o cumprimento destas na nosa entidade (Traballos en Beneficio da Comunidade- TBC, seguimento de suspensións de condena).

Coas persoas que compren condena na cadea, damos cobertura tamén a cuestións relacionadas co Réxime Disciplinario Penal, realizando asesoramento xurídico, xestións e escritos.

Este programa está financiado dende o Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA



ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Este ámbito é fundamental no accionar da entidade, entendendo a intervención como un continuo que debe incidir nas causas das problemáticas coas que traballamos. Buscamos fomentar a **sensibilización**, a **participación cidadá**, e **incidencia social** en relación a temas invisibilizados.

Esta área conta cunha forte presenza do **voluntariado** da entidade, que participa dende o inicio, dende as labores de planificación das campañas ata á mobilización social.

Día da Muller (8 marzo)

Durante o mes de xaneiro e febreiro participamos nun obradoiro de Jaijagat sobre deseño de accións de rúa, estratexias, tempos e organización. Sobre a base deste aprendizaxe, xunto con 8 voluntarias de Aliad deseñamos a acción de rúa para o 8 de marzo.

Realizamos unha performance na praza da Milagrosa onde visibilizamos a violencia machista que supón a explotación do corpo das mulleres como mercadoría ao servizo dos outros, sustentado polo sistema machista e capitalista. Así mostramos todas as dimensión desta explotación: sexual coa prostitución; reprodutiva cos ventres de aluguer; laboral tanto no eido do traballo remunerado como no ámbito traballo non remunerado de coidados....



Fronte a esta violencia, tras a performance, mostramos as demandas feministas: salario xusto e igualitario, prohibición da explotación reprodutiva, abolición da prostitución e sistema de coidados universal e compartido.

A escena simulaba un mercado onde se levaba a cabo a venta das partes das mulleres, unha realidade que se da todos os días e ante a que debemos reaccionar.

Tamén participamos na convocatoria local de concentración do 8M, onde volvemos visibilizando a prostitución como unha forma de violencia machista e a necesidade de dar resposta social a esta realidade.

Campaña exposición “A explotación sexual ao descuberto”

Este ano 2021 as actividades centráronse no deseño participativo e colaborativo dunha exposición sobre a realidade de violencia que hai detrás da explotación sexual.

Foi unha iniciativa conxunta como Rede Galega contra a Trata Sexual de crear esta campaña está pensada especialmente para a poboación moza. O obxectivo é poder traballar coa mocidade cos materiais da campaña, propondo unha exposición guiada que xere debate e sexa participativo.

Foi un proceso participativo que se iniciou en marzo, aproveitando o aprendizaxe da formación previa co Movemento pola non Violencia Jaijagat no que se traballaron ferramentas para o deseño de campañas e accións de rúa non violentas (mensaxe, público obxectivo, estratexias...).

Nese mes de marzo, organizouse dende Aliad Ultreia unha convocatoria coas voluntarias que estaban a participar na entidade e no grupo “Loitas feministas” así como novas voluntarias que estaban interesadas nas accións de sensibilización e accións de rúas. Neste proceso participamos 15 mulleres que se reuniron quincenalmente durante 5 meses.



A través dun proceso de ensino aprendizaxe, que durou ata agosto do ano, o grupo xerou e deseñou a proposta dunha exposición interactiva, que consta de 9 paneis en torno os diferentes aspectos e protagonistas da prostitución:

1. Presentación da exposición
2. Víctimas
3. Puteiros
4. Proxenetas e mafias
5. Sistema prostituínte
6. Consentimento e vulnerabilidade
7. Novas formas de explotación sexual
8. Panel de clausura/resumo
9. Panel participativo

Unha vez a Secretaría Xeral de Igualdade dea o visto os materiais deseñados, iniciaríanse os obradoiros e a exposición será exposta nas diferentes localidades galegas.

Actividade financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade, Consellería de Emprego e Igualdade

Día Europeo contra a trata (18 outubro)

Como entidade parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual** participamos das xornadas que se celebran anualmente, no ano 2021 estivo centrada en "A Prostitución un xeito de violencia machista". Celebrouse o día o 21 de outubro en Lugo no Salón de Actos da Unidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Día internacional contra a violencia de xénero (25 Novembro).

Este ano creouse carteis en torno á visibilización da prostitución como unha forma de violencia machista e a inxustiza para as mulleres vítimas e impunidade no Caso Carioca. As accións nas redes sociais recolleron os cancelos **#ExplotacionSexualEViolencia**, **#ProstituciónÉViolencia**, **#PorQueSonAbolicionista** e **#ASoluciónAbolición**.

Participouse con este material na concentración que tivo lugar diante do Xulgado de Lugo ás 20:30.



Día Mundial do SIDA (1 de decembro)



Co gallo do Día Mundial da SIDA, estivemos na praza da Milagrosa cun stand informativo sobre a proba do VIH, métodos preventivos e infeccións de transmisión sexual.

Estivemos repartindo folletos, pegatinas e condóns e resolvemos todos as dúbidas entorno a VIH-Sida e outras infeccións de transmisión sexual.

Fixemos fincapé na necesidade de prevención, informando sobre que Aliad-Ultreia é unha das entidades acreditadas para facer a proba rápida do VIH gratuíta.

Ademais seguiron impulsándose as actividades de sensibilización a través das nosas plataformas en Facebook e Instagram, realizándose traballo de deseño, creación e difusión por redes

Esta actividade está financiada pola Consellería de Sanidade de Xunta de Galicia, contando coa colaboración de Concello de Lugo que nos cedeu a carpa e facilitounos o espazo.

AS NOSAS REDES SOCIAIS

Temos varias canles para achegarse as nosas actividades ou novas relacionadas coas nosas áreas de traballo:

A páxina web: www.aliad.org

Instagram: [Asociación Aliad Ultreia \(@aliadultreia\)](#) • Fotos y videos de Instagram

Facebook: [Aliad-Ultreia | Facebook](#)



MAIS DE **42.000**
VISITAS NAS NOSAS
REDES SOCIAIS



MÁIS DE 1.000
PERSOAS
ACCEDERON AS
ACCIÓN



FORMACIÓN

CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Participamos en charlas e debates en diferentes espazos

- ♦ **“Parladoiros con profesionais: as relacións socioeducativas”**, organizado pola Universidade de A Coruña (UDC) co alumnado da materia de pedagogía social, 15 de maio. Participaron 20 persoas.
- ♦ Obradoiro: **“Claves para o voluntariado: acompañar, axudar e autocoidarse”** organizado pola nosa entidade, celebrouse os días 8 e 15 de outubro no Centro Social Uxío Novoneira. Participaron 15 persoas.
- ♦ Participación na mesa redonda **“Violencia sexual contra as mulleres. Aspectos fundamentais de educación e formación”** no marco das **XIII Xornadas de formación e V Internacionais Educación, Xénero e Igualdade “Violencia sexual contra as mulleres e uso tecnolóxico. Aspectos diversos”**, organizadas polo Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas y de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC, 15 de outubro.

PARLADOIROS CON PROFESIONAIS

A RELACIÓN SOCIOEDUCATIVA

ÁNGELA FRAGA MARÍA
Educatrice social, traballo con grupos para a transformación social, Cooperativa Fariña Verde.

ANA BARBA NÚÑEZ
Educatrice con mulleres vítimas de violencia de xénero, inclusión sociolaboral sexual, Asociación Alíad Uleira.

GABRIEL CORDEIRO PEREIRA
Educatrice de menores en prisión, Fundación Alíad.

14 DE MAIO DE 16:30 A 17:30
CONVERSA DIRIXIDA POR...

15 DE MAIO DE 13:00 A 14:00
CONVERSA DIRIXIDA POR...

15 DE MAIO DE 14:00 A 15:00
CONVERSA DIRIXIDA POR...

Actividade organizada polo alumnado de Pedagogía Social da Facultade de Educación Social. Apoio do Plan de Investigación e Iniciativas.

INFORMACIÓN
CIFEX, Facultade de Ciencias da Educación
Campus Vida

jorge.marin@usc.es
begona.gomez@usc.es

INSCRIPCIÓN
Enviar boletín de inscrición cuberto a:
maria.curros.espinosa@rai.usc.es

Prazo ata o 13 de outubro

ORGANIZACIÓN
Dirección: Profa. Dra. Rita Mª Radt Philipp
Organización: CIFEX
Secretaría: Prof. Dr. Jorge García Marín
Coordinación: Profa. Dra. Mª Begonia Gómez Vázquez

USC FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

ifex

XIII XORNADAS DE FORMACIÓN E V KORNADAS INTERNACIONAIS EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE
“Violencia sexual contra as mulleres e uso tecnolóxico. Aspectos diversos”

15 de Outubro de 2021

Lugar:
Salón de Actos de Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)

Duración: 10 horas

Entregase diploma acreditativo de asistencia

65 PRAZAS POR ORDE DE INSCRIPCIÓN

CLAVES PARA O VOLUNTARIADO: ACOMPAÑAR, AXUDAR E AUTOCOIDARSE

Alíad Uleira é unha asociación que traballa na mellora das condicións de vida de persoas con problemas de adicción, persoas recluídas e senlucos e mulleres vítimas das diferentes formas de violencia machista entre elas a explotación sexual.

O voluntariado participa de diferentes roles (sesións pontuais, campañas de sensibilización, acompañamentos ás persoas usuarias dos nosos programas, etc)

QUE PRETENDAMOS CON ESTA FORMACIÓN?
A QUEN VAI DIRIXIDA?

Atender ao significado de acompañar como relación humana que se produce entre a persoa usuaria e o voluntario/a, abordando os aspectos clínicos que permitan a axuda á outra persoa mantendo un marco de relación sa.

Dirixida ó voluntariado da entidade e todas as persoas interesadas.

CONTIDOS

- O voluntariado en Alíad Uleira
- Acompañar e axudar
- Mulleres vítimas de violencia machista e as persoas en prisión de liberdade condicional
- Experiencias de voluntariado
- Estratexas para a atención das persoas usuarias

Alíad Campos
Fase de programa de atención a mulleres vítimas de violencia machista, de Alíad Uleira

IMPARTEN
Fátima Esté
Psicóloga e coordinadora dos programas de atención de Alíad Uleira

CANDO E ONDE?

Os venres, 8 e 15 de outubro
De 18:00 a 20:00.
Salón de Actos do centro de convivencia Uxío Novoneira (Lugo)

Inscripcións en voluntariado@alíad.org indicando datos persoais e títio de contacto.

Organiza: **Alíad Uleira**

Colabora: **XUNTA DE GALICIA** **GOBERNACIÓN DE GALICIA** **GOBERNACIÓN DE LUGO**

A group of five people are captured in silhouette, running along a curved, metallic-looking ramp. The ramp curves from the bottom left towards the top right. The background shows a body of water, a distant shoreline with hills, and a cloudy sky. The overall mood is energetic and dynamic.

VOLUNTARIADO

INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO

Cóntase con persoas voluntarias que participan enriquecendo o traballo da nosa entidade nas diversas áreas de actuación. En **prisión**, aínda que en certos períodos non se permitiu a entrada de entidades na prisión, o voluntariado levou a cabo varias iniciativas, adaptándonos as restricións e normas sanitarias establecidas:

- Obradoiro de autocoñecemento na Unidade Terapéutica Educativa (UTE) do Centro Penal de Monterroso (1 voluntaria)
- Apoio nos programas da radio comunitaria LibreMente no Centro Penal de Monterroso (2 voluntarios)
- Actividade de Reforzo á escolaridade no CP Monterroso (1 voluntaria)



**28 PERSOAS
VOLUNTARIAS**

Tamén se mantén o **acompañamento en permisos penitenciarios**, unha das liñas tradicionais de voluntariado de Aliad, da que participan 3 voluntarias.

No programa Aliadas, participaron:

- Actividades do obradoiro de lecer **“Coidándonos”** (3 voluntarias)
- Apoio escolar a dúas usuarias (1 voluntaria)
- Programas e accións **sensibilización social** (ver apartado de sensibilización) (10 voluntarias)

Día do voluntariado



Co gallo do día do Voluntariado (5 de decembro), celebrouse o venres 3 de decembro un acto na Praza do Campo Castela baixo o lema “Enrédate”

O acto rematou coa lectura do manifesto onde se poñía en valor a labor do voluntariado e a importancia da súa participación e implicación para a mellora da sociedade.

OUTRAS ACTIVIDADES

Elfos y Calcetines

No ano 2021 volvemos a participar na iniciativa da asociación Elfos y Calcetines, unha ONG que realiza campañas no Nadal para conseguir que menores en risco de exclusión social poidan desfrutar dun agasallo, coa participación de asociacións que recollen as cartas de desexos dos nenos e nenas e de particulares que mercan os agasallos.

Dende Aliad Ulteira participaron este ano 45 menores (24 nenas e 21 nenos) fillos e fillas das nosas e nosos usuarios.



Actividades na horta



Renovamos a concesión de *Deputación de Lugo* para o uso dunha horta no paseo do Rato.

Realizamos actividades con usuarios e usuarias de ambas áreas que se encargaron de preparar a terra, plantar e coidar da horta. Unha actividade moi enriquecedora na aprendizaxe e nos resultados.

Esta actividade ten unha grande acollida entra as persoas participantes, prevendo incorporar máis persoas usuarias e voluntariado no futuro

CUOTA PERSOAS SOCIAS

Contamos con 64 persoas socias que mediante a súa cota anual nos apoian e participan das actividades que levamos a cabo.

<https://www.aliad.org/hazte-socio-socia/>

Ofrecemos **acompañamento individualizado e integral**, respectuoso cos tempos da persoa, a través dos seguintes servizos:

Atención social e educativa

Apoiando nos trámites administrativos e de axudas, no acceso a recursos sociais, na relación coas familias, etc.

Asesoramento xurídico

Sobre dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos.

Atención sanitaria

No acceso á asistencia médica, obradoiros formativos, proba rápida de VIH e métodos de protección de infección de transmisión sexual.

Atención psicolóxica

Para abordar aspectos emocionais, relacionais e de conduta, así como a motivación cara o cambio.

Orientación laboral

Atención individualizada na busca e mantemento de emprego.

Obradoiros grupais

No traballo en habilidades sociais e desenvolvemento persoal, de cara a inclusión social e laboral.

Recursos residenciais

Cunha vivenda para permisos penais e outra para muller vítima de trata e/ou explotación sexual.



Unha equipa profesional e especializada atenderá de forma integral as túas necesidades e dereitos.

Contamos tamén coa participación voluntaria de persoas implicadas que colaboran cos nosos programas e impulsan os seus propios proxectos e iniciativas.

O noso compromiso co cambio social lévanos a realizar accións educativas e de sensibilización en diferentes lugares (centros educativos, concellos, espazos profesionais, etc.), na procura dunha sociedade xusta, garante de dereitos e feminista.

Colabora!

DATOS PERSOAIS

Nome:

Apelidos:

DNI/CIF:

Enderezo:

CP:

Provincia:

CUOTA

- ☐ 15 €/ano (cuota mínima)
☐ 30€/ano
☐ 60 €/ano
☐ 120 €/ano
☐ outro importe: _____ €/ano

FORMA DE PAGO



Domiciliación bancaria

ES _ _ _ _ _

Sinatura:

Aliad Ultraestá está recoñecida coa Declaración de Utilidade Pública e acollida a lei 49/2002 de incentivos fiscais ao mecenazgo.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais, así como o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 infórmasse de que os datos persoais que suministre pasarán a ser tratados pola Asociación Aliad Ultra, empregados para a relación descrita neste documento. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose á entidade responsable do tratamento: Aliad Ultra, rúa Milagrosa, 99-101, Lugo.




AS CONTAS CLARAS

INGRESOS E GASTOS NO ANO 2021

INGRESOS


CONCEPTO	IMPORTE	IMP. DESGLOSADO	PARTIDAS
SUBVENCIONES	365.987,85	361.100,99	Subvencions varias
		1.886,86	Donacions
		3.000,00	Donacion CaixaBank
INGRESOS DE PROMOCIONES, PATROCINADORES E COLABORACIONES	27.213,90	25.850,00	Fundacion La Caixa
		1.363,90	Donativos loteria
COTA SOCIOS/AS	3.370,00	3.370,00	
OUTROS	350,00	350,00	
TOTAL INGRESOS 2021	396.921,75	396.921,75	




GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE	IMPORTE DESGLOSADO	PARTIDAS
AXUDAS MONETARIAS	-12.317,43	-9.826,74	Axudas usuarias (de emerxencia e becas)
		-2.490,00	Gastos por colaboracións e do órgano de goberno (Pagos a voluntariado)
		-0,69	Reintegro de subvencións, donacións e legados
APROVISIONAMENTOS	-47.385,17	-24.780,00	Servicios Xurídicos
		-10.828,63	Psicóloga
		-1.004,41	Formación (pago a profesionais)
		-10.772,13	Alimentación, Mat. Oficina, outros aprov
GASTOS DE PERSOAL	-290.419,83	-290.419,83	
OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE	-40.977,38	-17.654,02	Servicios Profesionais Independientes (Xestoría, Auditoría, Abogado, Consultora,...)
		-1.847,87	Dietas traballadores/as
		-21.475,49	Outros gastos (Suministros, alugueres, comunidade teléfono,...)
SUBVENCÍONS, DONACÍONS E LEGADOS DE CAPITAL TRASPASADOS AO RESULTADO DO EXERCICIO	2.275,32	2.275,32	Subvenións de anos anteriores que pagan gastos de este ano 2021
AMORTIZACIÓN DE INMOVILIZADO	-3.359,31	-3.359,31	Custe de amortización de ordenadores, impresoras,...
OUTROS	-163,85	-163,85	
GASTOS FINANCEIROS	-6,48	-6,48	
Variación do patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio	-2.275,32	-2.275,32	Axustes contables
TOTAL GASTOS 2021	-394.629,45	-394.629,45	

GASTOS AÑO 2021



SUBVENCIONES PÚBLICAS CONCEDIDAS NO AÑO 2021 POR ÁREA DE ACTUACIÓN





Rúa Milagrosa, 99-101, 27003 Lugo

982 251 948 - 655 395 940

info@aliad.org

www.aliad.org



Aliad-Ultreia



@AliadUltreia



ongaliad.wix.com/voluntariado